

LAR GALICIAN

ANO I
NÚMERO 1

FOLLA GALEGUISTA
Corrientes. Diciembre de 1926
(REP. ARGENTINA)

DIRECCION
Valvanera I. de Malvárez
SALTA 814 — TELEF. 484

INDULXENCIA

Naiciña da fala!: Perdón!

Nados n'um sigro en que as meles do noso decire foran proscritas po-la preguiza, a iñoranza e a mala fe — ¡probiños de nós! — non corréu a nosa infancia agarimada po-los ventíños saudosos e premisores de ore, nin tivemos ma-


Glorias gallegas...

yestros que en galicián nos insinasen.

Dimpois... seguindo as inspiraciós da nosa yalma, de isa anduriña, sempre anseosa de voar a mais voar, dimos en deixar o colo venturoiro, e vir a istas terras pr'a texer novo niño.

E... — ¡ña que sere! —: o mal da moriña arrombouse o esprito, e queiras ou non, fainos añorar, ore, canto ali quedou, e — ¡eraro que sí! procuramos entender millor as cousas do esprito falando na' fala doce e melosa, fala en que nosos abós nos falaban.

Non será o noso galego moi académeco que digamos, pero válalle a boa intenceón, e si isto no fora de abondo, — ¡que diaño! — non nos aturemos por iso, que con seren moi respetabres as regras da academea, poida sere



Concepción Arenal, hija de Ferrol, pensadora universalmente reconocida y mujer la mas ilustre desde su época a la fecha. Alma buena, Escritora fecunda.

Muchas ciudades del mundo dieron el nombre de esta ilustre mujer a calles y plazas. Buenos Aires, tambien.



que mais respetable sexa o que relouca por sair do noso maxin poñendo-o tal cal surxe.

Mais isto non quita, en verdade, que os que sepan mais que nós, lles pídamos indulxencia.—Amen.



PAPEL E TINTA

«Papel e Tinta» non e outra cousa que iso: papel, tinta; como si dixéramos, papel imprentado.

Dous elementos que xuntos' moito ben poden facere si se adican, como esperamos, a fundir en unha gran ánsea' to-das as que surxen por ahí, expalladas, por onde quiera que relouque un corazón galicián.

Papel e Tinta será ista folliña sinxela na que parolarán os galegos de Correntes e dos tres territorios nacionaes do norte: o Chaco, Misiones e Formosa, que leva por nome «Lar Galicián» porque a erguer un Lar se adica.

Si das palabras sae algo práctico millor' pero, o menos, servirá pr'a estreitar vínculos e pr'a evocare a terríña onde fomos nados.

Po-lo de pronto, conven que cantos galegos reciban este promeiro número, o fagan correre antre os demais paisaniños que corezan, e que nos manden a dirección de istos pr'a tamen lles mandare un exemplar e todos os demais que vayan saindo.

Estamos facendo un Censo de todos cantos somos e nadie debe de faltar nas listas.

Así o reclama a ánsea de millores dias pr'a todos.

Papel e Tinta, sae pra iso. Dim pois Deus dirá.

¿Programa? Pr'a qué! Todos por un e un por todos; e como subrimé aspiración, un gran amore a Galicia e en él o mesmo amore a gran nai de pobos, a Hespaña.

Punto en ton, e antes, un saudo pra cantos empreñan a vida en cousas dinas e levan na cabeza ideas de paz e amore.

MODAS

ULTIMOS MODELOS

Las mas bellas creaciones de la temporada

La casa comunica a su selecta clientela que con motivo de haber sido ampliado el local, acaba de recibir la última palabra del Figurin en sombreros para señora y niñas así como un espléndido surtido en fantasías.

Angustias N. de Zazú.

GUEMES 32 RESISTENCIA



LAR GALICIAN

O Lar Galicián e un sono de homes mais espírito que matéria, pero, tendo en conta de canto e capaz a vontade galega, pode sere unha realidade moito antes do que os mesmos que soñan' se poden imaxinare.

O Lar Galician houbo de sere realidade, vai a facere catro anos, pero, en aquel entón, non faltou quen vise n'esta arela, ideas separatistas, cando non era senon un lírico xirón de sentire hespañol; e a espera de escangallar os cativos que pontificaban n'a quel estonces, fomos deixando liasta oxe, no rescoldo do noso amore, o pensamento que da testa surxira p'ra, agora, ben meditado, po-lo n'a forxa dos Feitos,

Por iso, oxe como onte, damos os galegos, o mesmo chamado que axeitáramos no 1923 e que gardáramos logo, a espera de millore oportunidade pra ceibalo.

Si; o mesmo chamado, porque se trata do mesmo sentire.

Pra millor entendere a finalidade, debemos decrarar que o Lar Galicián e a casa dos galegos.

Son galegos: Os nados na meiga terraña, os fillos de galegos, o home de galega, e a muller de galego, sexan nados onde sexan.

Son parentes, todos os hespañoles e fillos de hespañol.

E, feita ista decraración, ei vai a invitación que debimos ceibar en 1923 e que sae agora, non pr'a servire de aguillón que non precisan tal os galegos, senón pr'a nos xuntare en dina arela e servire de exemplo os demais c'o noso entusiasmo, co'a nosa cultura, c'o noso patreotismo.

«Fillos da meiga terraña, que recatada e garimosa, erguese a carón do Pindo, dend'os contrafortes do cabo Finisterre a León e d'o Miño hast'o lar asturian... escoitade:

Non hay terra com' a nosa terra. Honrémonos de ser nados en ela.

E pr'a poder decir, a cotío, cantos somos y o que valemos, xuntémonos grandes e pequenos, ricos e probes, no Lar Galicián, que vamos a erguer pr'a orgulo d'a raza.

Dinifiquemos a garimosa Terra nosa, que sendo bos galegos, bos fillos d'a patrea grande, Hespaña, seremos.

Seamos Anduriñas que texan n'a Arxentina niño modelo, pr'a que nosos fillos sean d'inos da terra en que naceron e d'a terra de seus país.

Nada de separatismos, nada de odeos: E o amor quen debe redimir os pobos.

O Lar Galicián debe ser, en Correntes, como casa nosa, como casa dos nosos petrucios, con portas abertas pr'a tod'o mundo.

Que se alcontre alí a vívida ilusión das cousas nosas: Sons de alalás y-o eco dos aturuxos; asobiar de merlos e triar de paxariños, chiriar dos eixes dos carros, mermullos de regatos, xerga de grillos e rélos que arromban ensoñaciós, e no-tas de sapos e rás, que croen en noites de lua.

Sexa o Lar Galicián, como santuario de amor a Galicia, e'neste afeuto, amor a Humanidade.

Quen queira que sexas: Rico ou probe; si fuches nado en calquer das catro provincias de Galicia y-o mal d'o sigro non aniñou na tua yalma, er-guete, e ven con nosoutros: Axúdanos!

E si o meigallo se che meteiu peito adentro, ven tamen pr'a curarche o mal cativo que sofres que tes dereito a saude.

¡Ei carballeira! ¡Terr'a nosa!

A levanta-lo espírito leendo o rindo, brincando e vivindo en galicián.



Tamen faremos algo po-lo corpo: Comeremos cachelos, caldeiradas mariñeiras; caldiño feito no pote, papas de millo en cuncas de barro con leite manteigueiro...

¡Por Galicia! ¡Por nosoutros: A inscribirse na gran familia do Lar Galicián.

A COMISIÓN ORGANIZADORA.



CANTO A GALICIA

Hermana Galicia: limosnera ciega
que tocas la gaita bajo un pinar,
¡con rotos compases de gaita gallega,
hermana Galicia, te vengo a cantar!

¡Quién sabe de dónde me nace el ca-
[riño
que para exaltarte pongo en mi canción,
paloma del Norte, Sirena del Miño,
toda sentimiento, como un corazón!

Tus puertos son brazos que abres a
[los mares,
tus ríos son venas de claro cristal,
tus cuatro provincias son cuatro pilares
que corona el dombo de tu Catedral.

Vieja hija de Roma, noble y celta
[abuela,
con tu fabla antigua de sabor de miel
y con la reliquia de tu Compostela,
donde los romeros iban en tropel.

Tus verdes montañas, tus ríos de oro,
tienen el encanto de una pastoral,
y flota en tus prados—donde muge el
[toro—
eglógico ambiente de Arcadía ancestral.

Albos tus castaños, truncos tus maiza-
[les
mientras un ladrido da su extraño son
cruza por tus noches hoscas e invernales
un escalofrío de superstición.

Pastora amorosa de carne morena,
campesina ingenua de alma de cantar,
que oyes la conseja del ánima en pena,
en tanto que humea la lumbre del "llar".

Tienen tus pupilas el embrujamiento
del que vió el misterio flotar junto a él,
en el maleficio y el encantamiento
y en los aquelarres del señor Luzbel.

Tierra de saudades y melancolía:
llueve de tus cielos de obscuro zafir
la eterna tristeza con que Rosalía
y Curros cantaron su amargo sentir.

Tienes la nostalgia del adios postre
que el triste emigrante te dice al marchar,
parado en la popa del buque negrero
que, camino a América, le roba del lar.

Mueres de «morrña» por los brazos
[esos
que el surco en tus campos ya mas
[no han de abrir,
y lloras pensando que acaso sus huesos
dentro de otra tierra se habrán de po-
[drir...

Hermana Galicia; limosnera ciega,
arca del Misterio, vaso de la Fe,
que empapas de lágrimas tu gaita ga-
[llega
y das tristes notas del triste Chané.

Joyel de consejas, bosque de leyen-
[das
urna del Apóstol tierra de foral;
¡son estas palabras votivas ofrendas
que cuelgo en los muros de tu Catedral!

América pone todo su cariño
en este epinicio de salutación,
¡oh, hermana Galicia, sirena del Miño,
toda sentimiento, como un corazón...

Gustavo Sánchez CALARRAGA.

Todo comerciante e industrial galego debe de por un aviso
no LAR GALICIAN.
Non hay tarifa; po-de mandar o que queira.



Vargas, famoso gaitero, foi homenaxeado n'o Ferrol

Ainda fai pouco, n'oso ilustre amigo, Vicente Díaz e González, esquirbianos en enxebre, dende a terra de Franco, decíndonos que Vargas, *pousaba* no seu estúdeo pr'a un retrato que por suscreceón popular se lle iba a ofrendare como admiración po-los milagres que a Gaita lle facía decire o conxuro dos seus máxicos dedos.

Agora, os xornaes de Galicia, esprican as proporcións que tal homenaxe tivo e afé como, con grandes seren, ben merecido o ten o fidalgo gaitero orgulo d-o coro «Toxos e Froles; do Ferrol.

A cousa foi no Teatro Xofre.

Fixo o pánexírico de Vargas, e da música galega, meu compadre' o conecido medico, comediógrafo e literato galego, Xaime Quíntanilla, director de «Céltiga» d-a que-la cibdade.

Na primeira parte da festa, descúbreuse o retrato do famoso gaitero, obra xenial, como todas as suas, de Vicente Díaz e González, mentras os aprausos expresaban admiración a gaitero e pintor, dúas glorias da terriña meiga.

Dimpois, homes de sabere, prenduraron n'a maxesá de aquel acto, sentidas verbas, y-o cuadro artístico de «Toxos e froles» levou a escena «Quen debe mandar...» xuguete cómico de Xaime.

O coro, con acompañamento de gaita, interpretou con ledicia a «Alborada de Rosalia»; «Canto d'o arreeiro» e «Foliada d'a Cruña».

N'as últimas partes, o maestro Edreira, dirixeu o coro que cantou a «Alborada» de Veiga, «Santa miña», melodía adicada a gaitiña galega, da que é autore o mesmo Edreira, e logo o «Himno» de Pondal e Veiga «Os pinos».

Como si esto fose pouco, a insine esquirtora galega, Sofia Casanova, mandou pr'a leere alí, uns inspirados versos que se dixeron o final e que foron moi apraudidos.

Decían eisí:

A MANUEL LORENZO VARGAS

Gaitiriño da miña terra,
Gaitiriño do Ferrol,
Quén poidera escoitar n'estas neves
A tua voz!

A voz da gaita galega
E morriña, alborada, e risa e delor...
Marmurio das fontes, sospiros dos toxos;
Da nena alegría, do vello oración...

Gaitiriño dos adros nosos,
N-as romarias e n-as procesións
Vas pol-o mundo dicíndolle a xente:
«Pensade n'aqueles que o mar levóu...
Que lonxe viven, sin que da gaita
Nin do aturuxo lles chegue o son».

Viva o gaitero!, que vai pol-o mundo
Levando as cántigas da nosa rexión,
E con o grito bravo en San Payo,
E c'os milagres da tradición,
A sorrisiña dos fasuqueiros
E bicos d'amor.

Gaitiriño da miña terra,
Gaitiriño do Ferrol,
O feitizo da gaita galega,
E luz e contento do meu corazón.

Sofia CASANOVA.

Varsovia, enero de 1926.

En resume: Unha festa como poucas dina do gaitero Vargas e do pobo d'o Ferrol.

Bielto, de Salta e Xulio.

Novo ministro de Hespaña

No Infanta Isabel de Borbón chegou onte a Bos Aires, o novo Embaixador de Hespaña ante o goberno arxentino, Exmo. Sr. Duque de Amalfi.

O novo Embaixador, é un home de moito cencea, cabaleroso, e, sobre todo, un namorado das arelas iberoamericanas.



Con decire que foi membro destacado da «Ibero-Americana» de Madri, queda dito todo.

Ven a Arxentina, precisamente, para acabar de unha vez, co-a inutilidade de mais de un ilustre percebe, e con él abrese unha nova época de renacemento pr'a grandeza da gran Mai de pobos.

O noso respetuoso saúdo o novo Embaixador.

Consul de Hespaña

Cando istos renglós' vexan a lu spública' istará por actuar como Vice-consul honorario d'a nosa Hespaña, no-so hirmanciño o Señor Don Saturnino Estevez.

Fixo moi ben o señor Cónsul do Rosario o acordarse do señor Estevez.

En istos tempos de renovaciós, e necesario fitar ben, antes de dar representacios somellantes.

Hay moito larpeiro por istos eidos' que querian ise cargo non pr'a honrarlo se-non pr'a se honrar eles e hasta satisficere vanidades panderetelras.

Afortunadamente, nin o fungueiro fiso falta. Todos os titiriteiros quedaron con duas coartas e media de naris e outras tantas de fociño.

E en todo isto quen sau ganando foi a nosa Hespaña.

O señor Estevez propónse atender a gordos e a fracos, propendendo a armonía da familia ibérica envenenada por trapalleiros e frungallas: e instalará as oficinas como Deus manda.

O noso saúdo o representante da nosa Pétreá grande, en Correntes, e a mais garimosa felicitaceón os que n'esta xusta de dinidade trunfaron pr'a ben de todos.

De Muros.

Carta aberta

Correntes, 1o. de Nadal de 1926.

Señores Don:

Amadeo Alonso, José Alonso, Juan Alvarez, Pedro Barreiro, Ubaldo Blanco, Valentin Bares, Gonzalo Blanco, Rogelio Blanco, José Boo, Manuel Barreiro, Constantino Cortés, Tirso Couto Soriano, José Caride, Dr. José Costa Colón, Manuel Carlin, Josefa Martinez de Carlin, José Corbeiras, Cortés Sastre, Manuel Cerviño, Luis Casanovas, Jesús Casanovas, Eugénio Dávila, José M^a. Dominguez, María N. de Dominguez, Dr. Díaz Pereiro, Evaristo Diaz, Sra. de Dominguez, Cándido Estévez, Onofre Esperón, Margarita P. de Estévez, Luis Fernández, José M^a, Feijóo, Constantino Fernández, Gustavo Feijóo, Benito Gil, Manuel Fontenla, Gabiel Gil, José R. González, Josefa G. de García, Emilio Lorenzo, Joaquin Lorenzo, Domingo Lens, Benito Lagos, José Lorenzo, José López Alvarez, Josefa Velarde de Lorenzo, Domingo Lorenzo, Sra. Manuela Pableiro de Legorburú, Sobriña de Lagos, Elvira Lorenzo, JuanLeón, Antonio López, Presbítero José Moirón Paz, Vicente Miguéz, Antonio Martínez, Dolores Mauriño de Ferro, Julio Manso, Benita Vda. de Merelles, Teodomiro A. Mauriño Justo Novo, Angustias N. de Zazú, Adelina Novás de Couto, José Otero, Ricardo Otero, José Pazos, Pedro Pazos, Ramón Pérez Cid, Valentin Pedrido, Laura Portela, Secundino Portela, Germán Portela, Ignacio Portela, Ricardo Portela, Maruja Portela, José Quintans, Manuel F. Rivas, J. Rodriguez, Lorenzo Recalde, Alfonso Rodriguez Leopoldo Rivera, Carmen Rey, Castor Rodriguez, Silverio Santos, José Sixto



Cándido Santos Otero, Fernando Torrado, Casimiro Torres, Aureliano Vidal Benito Vega, Luís Villarino, Domingo Vidal, Generoso Vidal P., Generoso Vidal H., Eugénio Varela, Balbino Varela, José M. Vázquez, Constante Vidal Esperanza Vidal, Pura Vidal, Sara Vidal, Eduardo Valdés, Tristán Yglesias, Alfonso Zazú, Saturnino Estevez, Antonio García, Manuel Díaz, José Perez Cid, Manuel Varela, Francisco Gamallo, Mercedes de Gamallo e cen galeguiños mais que por istos eidos sentides morriña e sabedes de abondo, como o noso Monchiño Franco dixo, que Galicia sempre honra.

En donde queira que vos alcontredes, saudiña e cat' o melrro:

Hirmaus n' o ideal:

Na imposibilidade de podere escribir catro letras a cada un, van istos renglós pr' á todos vosoutros e pra moitos mais, dos que n' este mentres me esquenzo.

A todos, que sendo galegos tedes que sere . bos, pido disculpa—e verdade, si señor—por haberme tomado a libertade de vos anotare como posibres abelliñas, pro curtizo en que varios a facere a mel santa da nosa Idealidade, mais—¡que demontre!—fixera a todos ofensa, si sabendo de calquer de vostedes non o arrombara a lista xeneral de este promeiro número.

E, como xa me considero disculpada, quero, tamen, a todos, pedire, que non soilo me den a sua conformidade mandándome a dhesión que sigue ou escribindo, senon quen a vez, facendo todo o posibre pra mandar cada un o nome e dirección de cantos galeguiños coneza na provincea de Corrientes e nos territorios de Chaco, Misiones e Formosa.

Todos deben de se inscribere en ista xuntanza de amore, ricos ou probes, homes e mulleres, sempre que añoren os lares saudosos que foran deixados en ánsea do mais alá.

En canto a suscripción, pra poder dar ista folla de quince en quince dias ou de somana en somana, que sería millor, e voluntárea. Cada un debe de mandar o que poda pra sosteñela, e pedire os exemprares de cada número que precise pra espallalos antre os nosos.

E nada mais por oxe e hasta mais ver.

Po-la Administración
VALVANERA I. DE MALVÁREZ

Boletín de adhesión e suscripción

Eu natural de
(Aqui o nome comreto) pobo de

..... provincia de Ayuntamiento
nacemento

de partido xudicial de que
teño anos de idade e vivo na calle do pobo
idade (Calle e número en que vive

..... quero sere da familia do LAR GA-
(nome do pobo e seña do ferrocarril si hay

LICIAN e ademais recibire isa revistiña nosa' pro que me mandaran
(cantidad)

exemplares de cada número que saire.

FIRMA



Tienda BLANCO y NEGRO

La Tienda aclamada por sus favorece-
dores como seria y formal en Corrientes



Acaba de recibir el mas completo y
variado surtido en : : : : :
ARTICULOS DE LA MAS ALTA NOVEDAD
PARA LA PRESENTE ESTACION : : :
No deje de visitar esta casa para con-
vencerse de ello : : : : :



Las más grandes novedades. Los mas
bajos precios : : : : :
RIOJA esquina JUNIN—TELEFONO 352 — CORRIENTES



OFICINAS
Y
DEPOSITO

Rioja 821

Telef. 396

CORRIENTES

